



CELEBRACIÓN EN OS COTOS

12-13 de abril do 2025

SÁBADO - DOMINGO DE RAMOS



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé na porta da igrexa)

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Con esta celebración do Día de Ramos iniciamos a Pascua do Señor. Queremos acompañar a Xesús no seu camiñar nestes días. Imos cara Xerusalén.

A súa entrada na cidade é triunfal: un Rei que chega ao seu pobo e que trae a esperanza da vida nova. Un Rei aclamado por todos, grandes e pequenos, que o acollen na súa vida.

Dende as portas da nosa igrexa parroquial, tamén nós queremos compartir ese triunfo da esperanza que nos trae Xesús. Que estes sinxelos ramos sexan o mellor dos símbolos para expresar que tamén nós estamos preparados para acoller con alegría ao Señor que entra no corazón de cada un de nós para DARNOS VIDA.

(Imaxinámonos a escena: Xesús chegando ás portas da cidade de Xerusalén. Onda el acoden moitos veciños e veciñas para o arrouparen e o aclamaren coma o que ten que vir no nome de Deus. Saíron ao seu encontro con cantos, e ramiños de oliveira). Escoitémolos

LECTURA DO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo, Xesús botou a andar diante camiño de Xerusalén.

E cando se achegaban a Betfagué e a Betania, ao pé do chamado Monte das Oliveiras, mandou dous discípulos, dicíndolles: - Ide á aldea que tedes aí diante, e atoparedes atado un burriño que ninguén montou aínda nunca. Soltádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta: "Por que o soltades?", respondédelle: "Precísao o Señor".

Foron os discípulos, e atoparon todo tal como lles dixeran. E cando ceibaron o burriño, preguntáronlles os donos: - Por que soltades o burriño?

Eles contestaron: - Precísao o Señor.

Levárono onda Xesús, botaron os mantos sobre o burriño e axudárono a montar. E ao pasar el, a xente estendía os mantos polo camiño. Cando se aproximaban á baixada do Monte das Oliveiras, a multitude de discípulos, cheos de alegría, comezaron a loar a Deus con grandes gritos, por todas as marabillas que tiñan visto. Dicían: - Benia o que vén, coma rei, no nome do Señor. Paz no ceo, e gloria no máis alto!

Alguns dos fariseos que estaban entre a xente, dixéronlle: - Mestre, reprende a eses teus discípulos.

Pero el respondeulles:

- Asegúrovos que se estes calan, falarán as pedras.

Palabra do Señor

ORACIÓN PROPIA DE RAMOS NA PORTA

Celebrante: Deus, noso Pai, dínate bendicirnos a todos nós, que con estes ramos nos reunimos aquí, á porta da igrexa, para acompañarmos con alegría a Cristo Rei. Concédenos que unidos a El, dando froitos de boas obras, poidamos ter parte na Xerusalén do ceo. Pedímoscho por Cristo Noso Señor. (bendicimos os ramos)

Coma comunidade imitemos agora á moitedume que aclamaba a Xesús e vaíamos ao seu encontro en paz.

CANTO 

**O Señor noso Deus
ou Unha xuntanza de amor**

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante: Señor, noso Deus, Ti quixeches que o teu Fillo, noso Salvador, compartira no medio de nós, e El, por todos, deu a vida na cruz, para darnos á humanidade un exemplo do teu amar.

Concédenos que a súa Paixón nos sirva de testemuño e merezamos participar na Resurrección.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

(sentados) *Leccionario I C* páx 87 *Lc*

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo, os anciáns, os príncipes dos sacerdotes e os escribas, levaron a Xesús perante Pilato. Alí empezárono a acusar, dicindo:

- Atopamos a este revolucionando o pobo, impedíndolle pagar o tributo ao César, e declarándose ademais Mesías e rei.

Pilato preguntoulle: - Es ti o rei dos xudeus?

Respondeulle: -Ti o dis.

Entón díxolles Pilato aos sumos sacerdotes e mais á xente: - Eu non atopo delito ningún neste home.

Pero eles teimaban dicindo: - Anda encirrando á xente, ensinando por toda Xudea, desde Galilea ata aquí.

Pilato díxolles:

- Trouxéstesme este home coma se fose un revolucionario; pero eu, despois de o interrogar diante de vós, non atopei nel ningún delito deses dos que o acusades. Nada que mereza a morte cometeu; así que voulle por un escarmento, e despois vouno soltar.

Pero todos empezaron a berrar, dicindo:

- ¡Fóra ese, solta a Barrabás!»

Este estaba na cadea por unha revolta con asasinato, ocorrido na cidade.

Pilato volveulles falar, pois quería librar a Xesús.

Pero eles berraban: - ¡Crucifícao, crucifícao!

Pilato replicou por terceira vez:

- Pero que mal fixo? Ningún delito de morte atopei nel. Dareille un escarmento e soltareino.

Pero eles porfiaban a berros e pedían a crucifixión, facendo cada vez máis barullo. Por fin Pilato sentenciou tal coma eles querían. Soltou o que reclamaban e a Xesús entregóullelo ao seu antollo.

Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús.

E cando chegaron ao lugar chamado “A Caveira”, crucificárono alí; e con el a dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del. Xesús dicía:

- Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan.

E, botando á sorte, repartiron a roupa del.

A xente estaba a mirar, e os xefes ríanse del, dicindo:

- A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.

Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

- Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.»

E había un letreiro enriba del: “Este é o rei dos xudeus”

Chegado o mediodía, Xesús, pegou un berro moi alto e dixo:

- ¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito.

E dicindo isto, morreu.

O centurión, vendo o que sucedera, glorificou a Deus, dicindo:

- Realmente este home era inocente.

E toda a xente que acudira ao espectáculo, ao ver o que pasaba, volvía batendo no peito. Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial, camiñando xa na Pascua, renovamos a nosa vida e damos resposta da fe que compartimos, dicindo:

SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
Deus de esperanza máis alá dos medos,
Deus de vida máis alá da enfermidade,
Deus de Resurrección máis alá da morte?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu fillo benquerido,
que no camiño da Paixón e da súa entrega na vida,
nos amosa un amar sen límites?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alumea no corazón para acoller e dar vida
na cruz da violencia que se vive en Palestina
e que nos deixa un pouso de desacougo?.

SI CREEMOS

Credes na igrexa,
comunidade que berra pola PAZ
e abrindo as súas portas peregrina cara á Pascua,
cara a VIDA, no camiño de Cristo Resucitado?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Señor, cos nosos ramos queremos camiñar á túa beira, e queremos tamén achegarnos a todos os veciños e veciñas que por unhas ou outras razóns non var ter unha boa pascua. Digamos

SEÑOR, CAMIÑAMOS CONTIGO

Monitor/a:

1. Facemos camiño, para que coma Ti, coas nosas palabras, sexamos exemplo de ilusión e esperanza para as persoas que se senten crucificadas na vida, oremos

2. Facemos camiño, para que, coma Ti, coas nosas mans, sexamos capaces de ter feitos de esperanza para quen se sente fracasado, oremos

✓ Facemos camiño, coas xentes de Palestina que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha violencia que escandaliza e non entendemos. Oremos

✓ Facemos camiño, para que, coma Ti, dende o corazón, sexamos capaces de compartir como igrexa que se fai crible en cada comunidade, oremos

✓ Facemos camiño, para que, coma Ti, dende as nosas cruces, non deixemos de confiarnos ás mans de Deus Pai, oremos.

Celebrante: Señor, Ti que nos queres vivos e dando vida, non deixes que as cruces e os medos de hoxe nos convertan en persoas mortas e baleiras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Coma Xesús, querendo pousar as nosas vidas nas mans do Pai, pedimos hoxe que sexamos testemuñas do seu DAR VIDA sendo responsables e coidadosos da nosa fe, e sendo e dando exemplo de homes e mulleres de paz. Recemos con sinceridade:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Coma Cristo, moitas veces son os demais os que nos axudan a sentirnos cheos de vida, moitas veces é aos demais aos que queremos agasallar coa nosa vida. Fagámolo hoxe compartindo un desexo sincero de paz para as xentes e as terras de Palestina, as terras nas que Xesús viviu a súa pascua. Coma irmáns en Cristo deámonos a paz.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Temos compartido con Cristo no camiño da súa vida, temos compartido con Cristo no camiño da súa paixón e da súa cruz, esperando compartir con Cristo na Resurrección, compartímolo agora sabéndonos convidados a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, celebramos a vida do teu Fillo, acompañándoo hoxe cos ramos na súa entrada triunfal en Xerusalén.

Fainos esperar o que nos promete a nosa fe e concédenos chegar pola súa resurrección á VIDA QUE ESPERAMOS.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Hoxe, cos nosos ramos, queremos facer o noso camiño cara a Pascua, da man de Xesús.

Coma El non queremos quedarnos en rutinas e costumes, queremos máis ben facer crible e viva a Pascua.

Con Cristo crucificado queremos achegarnos á vida dos que malviven a traxedia dos refuxiados, das que sofren violencia de xénero, dos que se senten mortos e enterrados na escandalosa violencia en Palestina, en Ucraia, en Sudán, en tantos e tantos lugares.



Semana Santa

“CRUCIFICÁRONO”

Palabra de VIDA no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana santa, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

*Podémonos ir en paz.
Dámoslle grazas a Deus*